

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CENTRO DE SAÚDE DE A ESTRADA E OS SERVIZOS DE CARDIOLOXÍA E NEUROLOXÍA COMPOSTELÁNS NOVAMENTE RECOÑECIDOS COMO OS MELLORES DE ESPAÑA NA XVII EDICIÓN DOS PREMIOS *BEST IN CLASS (BIC)*

- O CHUS considerado un dos 5 mellores hospitais de España de Alta Complexidade
- A área sanitaria compostelá conta ademais con 9 servizos ou unidades entre os 5 mellores no eido nacional: Esclerose Múltiple, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Medicina Intensiva (Reanimación), Farmacia Hospitalaria en Oncoloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía, Investigación en Oncoloxía, Patoloxía Dixestiva e Reumatoloxía.
- A Unidade de Infectoloxía Pediátrica recibiu un recoñecemento de Excelencia Clínica por ter conseguido ser a mellor durante 4 edicións consecutivas
- Os *BIC* recoñecen os mellores hospitais, servizos, unidades, centros de atención primaria, así como os proxectos corporativos de organizacións sanitarias máis destacados

**Santiago, 30 de novembro de 2022-** O Centro de Saúde de A Estrada, e os Servizos de Cardioloxía e Neuroloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza distinguidos como os mellores de España na **XVII edición dos Premios Best in Class (BIC)**.

A calidade asistencial, a innovación e a atención ao doente dos traballadores da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza é novamente recoñecida nos prestixiosos premios **BIC (Best in Class)**, promovidos anualmente polo diario de información sanitaria Gaceta Médica e a cátedra de Innovación e xestión sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos, coa finalidade de "promover a calidade asistencial nos hospitais e centros de saúde".

Por outra banda, O CHUS ven de ser como un dos 5 mellores hospitais de alta complexidade de España, mentres que conta con 9 servizos ou unidades considerados tamén entre os cinco mellores: a Unidade de Esclerose múltiple, Medicina Preventiva e Saúde Pública, Medicina Intensiva (Reanimación), Farmacia Hospitalaria en Oncoloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía, Investigación en Oncoloxía, Patoloxía Dixestiva e Reumatoloxía. Así mesmo, a unidade de Infectoloxía Pediátrica, recibiu un recoñecemento-premio "Excelencia Cinco Estrelas"-, unha mención especial por ter resultado elixida a mellor de España nas últimas 4 edicións.

O obxectivo destes premios é recoñecer publicamente ao mellor centro de Atención Primaria, hospital e servizos e unidades estatais, tanto públicos coma privados, que buscan a excelencia na atención que lle prestan aos seus pacientes. A concesión dos premios baséase na puntuación obtida polos candidatos co Índice de Calidade Asistencial ao Paciente (ICAP), que se establece a partir da análise multivariable dos indicadores de calidade recollidos nos cuestionarios de autoavaliación cumprimentados polos hospitais e centros de atención primaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Cátedra de Innovación e Xestión Sanitaria da *Universidade Rey Juan Carlos* e as distintas sociedades científicas colaboran dando rigor e independencia ao sistema de avaliación da calidade asistencial.

O traballo desenvolvido polos profesionais da área sanitaria compostelá conta cunha longa tradición de recoñecementos nestes premios. O ano pasado a área compostelá foi finalista en 17 categorías, quedando gañadores os Servizos de Medicina Preventiva e Saúde Pública, Neuroloxía, Traumatoloxía e a categoría de Dor Irruptivo oncolóxico. Dicar tamén que o C.S. A Estrada, o Servizo de Cardioloxía e a Unidade de Infectoloxía de Pediatría foron considerados Excelentes 5 estrelas.

A organización dos Premios BIC só fai públicos os gañadores e finalistas nas correspondentes categorías avaliadas de cada edición. Os gañadores reciben un diploma acreditativo nun acto público. Ademais, os gañadores e finalistas forman parte da Guía dos Mellhores Hospitais e Servizos Sanitarios que se edita anualmente.

## Saúdos